



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
CURSO 2021/22

DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

Esta addenda xorde da necesidade de contextualizar a Programación Didáctica Anual aos cambios no procedemento de avaliación ordinaria e extraordinaria por mor da Orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación no ensino de primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bachalerato no sistema educativo de Galicia.

1. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E A CUALIFICACIÓN	
1.1. AVALIACIÓN FINAL DE XUÑO	
a) Alumnado coa materia superada.	A nota da avaliación resulta da media ponderada das tres avaliacións parciais. A participación activa nas actividades realizadas no periodo que vai dende a terceira avaliación á avaliación final pode supoñer mellorar a nota na avaliación final en 0,75. Sumarase 0,25 se a participación é aceptable ou boa, e 0,5 se é moi boa. A este alumnado tamén se lle dará a opción de mellorar a nota podendo presentarse á proba práctica final.
b) Alumnado con algunha parte da	Este alumnado realizará as correspondentes probas prácticas e escritas de conceptos e procedimentos das

materia suspensa.	<p>unidades ou avaliacións da materia que teña suspensas.</p> <p>Tamén se requerirá a presentación de traballos sobre os contidos que é preciso recuperar.</p> <p>As probas escritas van supoñer un 10% da nota e os traballos, outro 10%. A parte procedimental ou práctica suporá un 60% e a actitudinal o 20% restante.</p> <p>O cálculo da nota da avaliación final farase segundo o resultado obtido nestas probas ou traballos, sempre e cando este sexa positivo.</p>
c) Alumnado con toda a materia suspensa.	<p>Este alumnado fará unha proba escrita de conceptos e práctica de procedimentos das unidades de toda a materia, e presentará algún traballo sobre algunhas das tarefas feitas durante o curso.</p> <p>A proba supón un 10% da nota, o traballo realizado, outro 10%. A parte actitudinal un 20% e a parte práctica o procedimental un 60%.</p>

2. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES

(Período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final na ESO)

METODOLOXÍA A	<p>Neste periodo faremos actividades de reforzo co alumnado que ten que recuperar toda a materia ou algunha parte da mesma.</p> <p>Co alumnado que teña superada a materia faremos actividades de reforzo, e de ampliación dos temas tratados durante o curso.</p> <p>Tamén elaboraremos unha presentación teórica ou práctica que recolla algún dos contidos traballados durante o curso, isto serviranos de repaso, e pode ser de axuda para o alumnado que teña que recuperar.</p> <p>Ademais do traballo que se faga no ximnasio ou pavillón, empregaremos a aula virtual para presentar o plan de traballo e para recoller e correxir algunhas das tarefas que se propoñan.</p> <p>Empregaremos como instrumentos de avaliación: a rúbrica e</p>
------------------------------------	---

	planillas de observación
ACTIVIDADES	<p>En todos os cursos, co alumnado que teña que recuperar, faremos planillas de observación de execución das tarefas e cuestionarios, farase o seguimento do traballo que teñan que presentar.</p> <p>Co resto do alumnado, popóñense diferentes tarefas segundo o curso: en 1º de ESO, achega de cuestionarios 2º de ESO, reforzo dunha unidade didáctica, 3º de ESO, ampliación dunha unidade didáctica, e 4º de ESO, reforzo e ampliación de unha unidade didáctica.</p>
MATERIAIS E RECURSOS	<p>Serán os mesmos que xa veñen recollidos na programación didáctica:</p> <p>Aula virtual.</p> <p>E-Dixgal.</p> <p>Ferramentas dixitais:</p> <p>Prensa, libros de información e tutoriais das diferentes federacións deportivas.</p>